

Quedas en nós!



Letras Galegas 2021



**Concello
de Vedra**

1.

Quedas en nós!

É un latexo. Un continuo de sentimentos que marcan o ritmo das miñas expresións, un xeito de poder dicir dunha maneira única o que tanto medra no meu interior.

É unha herdanza, un agasallo dos meus pais. Dos meus avós. Un instrumento que non se palpa mais dá agarimo a todas cantas cousas voan dun ouvido ao outro.

É identidade. Pertenza. Pobo.

É sentimento.

É emoción.

Éo todo.

É un latexo. Un latexo a ritmo de muíneira que fai brincar os pés. Que fai vibrar a terra da que agroman todas as nosas sementes. É música. É literatura. É danza. É teatro. É arte.

É unha herdanza sen custo ateigada de beneficios. É un legado que transmitir.



Quedas en nós!

O idioma é a maior das riquezas. É o que somos. Un pobo, cunha fala e cun sentir.

Espanta as soidades e achégate a quen sobre un fondo branco pinta unha banda azul.

Si. O idioma tamén é cor.

É un feixe de palabras bonitas que cal monllo da labrega asentado na cabeza, alimentará de seguido ás meniñas e meniños que cos beizos cheos de sorrisos medrarán cantaruxando un ailalelo ailalá.

Eu medrei así.

Cantaruxando e latexando contigo e por ti.

Letras Galegas 2021



2.

Quedas en nós!

Quizais penses que é agora, na distancia, mentres admiro o solpor doutras terras, descubro novidosos recendos ou escoito linguas indescifrables cando comezo a esquecerme. Ou quizais cando máis dentro te debo sentir. Mais non, o noso idilio xa non depende de distancias ou tempos, porque vén do máis profundo, como no carballo forte, dende a raíz.

Seguramente se sementou naqueles sábados coa avoa peneirando para facer pan de millo ou con mamá cantaruxando antes de deitarme. Regouse cedo, co leite da Pinta que me deixaba un prematuro bigote branco. Abonouse no colexio e na parroquia, nos magostos, nas esfollas, nas sardiñadas, nas máscaras, na vendima... e aínda que xa parecías imparabile, continuaron os coidados propios do carballeiro mol mentres colle maxestuosidade: compartiate día a día cos amigos, cos mestres, coas mozas... en calquera que sexa a necesidade da vida, ti estás e sumas.

Por todo isto, a pesar das cortas que ameazan esta vizosa carballeira e dos temporais que a azoutan, seguimos en pé e coas follas máis briosas ca nunca.

Eu ademais, comprométome a seguir coidando, regando e abonando as landras que caian ó chan, como o fixeron comigo.

Saúde e vida ó galego.

NIREMA

3. PREZADA XOANIÑA

Quedas en nós!

Aínda lembro con agarimo a túa sorpresa cando che descubrín os sete puntiños do papasol, moito me prestaba ensinarche os segredos mentres a túa lingua de trapo repetía as nosas verbas preferidas: axóuxere, bolboreta, mazaroca, papaventos... nunca nos respondeu o espantallo.

A nosa tradición foi cubrindo de almibre o teu padal, cultura acariñada pola túa fala, orgullo das cóxegas en Bastabales. Nós, cómplices de palabras no celme galego.

Aturuxos nas nosas gorxas de ferreñas que ti tamén me fuches ensinando, idioma que voa de seu entre nós. Sen prexuizos. Sen complexos.

Verte fender a diglosia éncheme de fachenda porque cres, sintes e valoras o meu pasado e o teu futuro.

Atranque. Somos camelia e salmón, veludo no bicorne e abelorios nas charreteiras.

Somos neta e avó.

Parabéns no teu aniversario, xoañina.

Letras Galegas 2021



4.

Quedas en nós!

FALAR GALEGO É UN ARTE
DO QUE RENEGA ALGÚN PAISANO
QUE PENSAN QUE FAI AFEARTE
NON USAR O "CASTELLANO"

GASTAMOS MOREAS DE CARTOS
PARA APRENDER INGLÉS E CHINO
E O FALAR DE ROSALIA DE CASTRO
PARÉCENOS MOI POUCO DIGNO
A IGNORANCIA NON TEN CANCELAS
XA O DÍ O REFRANEIRO GALEGO
CANTA XENTE SENTIU MORRIÑA
ANDANDO POLO MUNDO ENTEIRO

Letras Galegas 2021



5.

Quedas en nós!

Contareivos unha breve historia.

Debía ser no 2004, creo recordar, Camil veu de Suíza.

Era fillo de Lola e de Suso de Xestiñas.

Camil sempre vivira en Suíza, e cando viña esporadicamente nos veráns ver ós avós a Pontedeume, as señoras da aldea dicían que era un señorito.

- Calade que vén Camiliño.

- Tanto che ten que calemos que “este solo habla el castellano”.

Tíñanlle algo de envexa porque viña sempre con aparellos de últimas tecnoloxías e aparentemente con boas roupas. E fame tampouco pasara nunca.

Letras Galegas 2021



Quedas en nós!

Na taberna do Trócolas, un día de moito calor, Camil chamou a atención das señoras que foran xogar ó tute despois de xantar; entre outros.

- ¿Falo con Eva Méndez? - dixo Camil falando por teléfono no bar.

- Si, a mesma, estou preparando as cousas para cando voltes a Basilea, para darlle ós cativos.

- Perfecto, mañá pásome polo concello e recollo o material. Vailles gustar moito aprender de todos os poetas da nosa terra.

Abraiados. Quedaron abraiados. O “señorito” era mestre de cultura galega en Suíza.

Foi marabilloso ver como os meus paisanos quedaron coa boca aberta. Camil era meu tío.

A lingua e o seu poder de percorrer o mundo son o que nos define.

E el sempre o tivo claro. O galego percorre o sangue.

Letras Galegas 2021



Concello
de Vedra

6. AOS MEUS PAIS

Eran os anos 70, e falabades cos veciños, coas tías, coa avoa e tamén cos curmáns na lingua de Rosalía; era a vosa lingua e nunca deixastes de empregala, sen embargo, cos miúdos non o faciades así.

Durante unha longa tempada, reprocheivos que non era quen de falala dun xeito sinxelo, porque vós non me acostumastes a que así fose... Que despropósito buscar a escusa no voso facer e non no meu actuar unha vez grandíña. E que despropósito o tardar tanto tempo en recoñecer que, quizais vós tiñades unha idea contrariada, marcada pola historia daquel tempo, pero que xamais deixastes de falala ao meu redor e de transmitirme o amor e respecto pola nosa Terra; Terra das fadas, das meigas, das bolboretas, dos alcumes, dos aloumiños e dos berces. Miña nai e meu pai queridos, esta é a nosa lingua, a do pasado, do presente e será a do futuro, e sei que endexamais deixaremos que sexa agochada e que non dubidaremos en defendela e empregala.

A nosa lingua, manteranos sempre unidos ás nosas raíces, ás historias de antonte, e sen dúbida, será a lingua que tamén nos manterá unidos na loita polo noso futuro.

7.

Quedas en nós!

Bicos, apertas, sorrisos... poden cambiarlle o día a calquera.

Murmurar ao ouvido un quérate na nosa lingua, é dicir o que somos e o que sentimos.

Non están os tempos para deixarnos para máis tarde, o que nos move por dentro hai que vivilo hoxe, e en galego ten un valor engadido.

Coidar do noso día a día, dálle sentido ao saber coñecer, saber facer, saber convivir e saber ser de cada unha de nós.

A lingua danos identidade, corazón e saberes.

Letras Galegas 2021



8. O GALEGO DA AVOA

Quedas en nós!

Cando a vida quixo poñer un novo tropezo na insignificante existencia da avoa, fíxolle a gracia de mover todo o quebracabezas de recordos da súa cabeciña facéndolle sentir que nada encaixaba na súa nova realidade. O diagnóstico era claro, padecía alzheimer.

E este padecemento falaba por ela, apartándolle do pensamento todos os prexuízos daqueles tempos nos que se perseguía aos galego falantes; no que nos idiotizamos pensando que outros idiomas te facían máis importante ou mais triunfador. Nos que perdía importancia a persoa e os seus actos para deixar paso a un idioma.

E con esa liberdade de escoller os recordos que desexaba lembrar ata os seus últimos días elixiu recordar en galego. Nun galego que xa se fora perdendo dando paso ao novo galego cheo de castelanismos. Quedaron en desuso para todos...nenos para os que tiveron a sorte de regresar ao fondo do baúl dos recordos para rescatar un ben tan importantes e tan pouco valorado.

Letras Galegas 2021

Ese é o sentir dunha persoa que sempre se expresou en galego; cando xa a vida non ten máis importancia que deixarse ir, sen opresión de ningún tipo, cando eres libre para expresarte sen censuras.... nese momento o teu corazón fala GALEGO.


9. QUE É PARA MIN O GALEGO?

Quedas en nós!

Pois para min o Galego e o todo , e niña lingua e lingua que falo na casa, cos amigos no colexio etc, a lingua da estou orgulloso de falar e non me avergoño de falar en Galego ,nin tampuco me sinto avergoñado de ser galego .para min e un orgullo ser galego e penso que non deberíamos sentir vergoña de falar en Galego,o contrario debemos de loitar por conservar a Nosa lingua xa que e Unha lingua fermosa e non se debe perder , o Galego e a lingua que escoito desde moi pequeniño e como non vou querer a niña lingua se e parte de min desde que nacín , leva comingo 16anos e non vou a cambiala ,amo a niña lingua e sempre estará o meu caron ,e nunca vou sentir vergoña por qué me digan ou pregunten se son galego simplemente porque se me note no acento, si eso sucede EU responderei ven alto e claro si son Galego. Un Galego que ama e defende a sua Terra e lingua..

10.

Quedas en nós!



Co galego temos máis verbas para dicir á túa xente que os/as queresou non!!!


Letras Galegas 2021



11.

Quedas en nós!

Eres o noso xeito de expresión: o modo de botar un atranque con boa sorna, ou unha cantiga pícara, ou unhas verbas nun burro,...eres parte da nosa cultura e tradición...



Letras Galegas 2021



12.

Quedas en nós!

Fíxate se che teño apego que xa te escoitaba dende o ventre de miña nai , soabas bastante ben, non vou dicir que non, pero inda non sabía que eses sons ían ser os que usaría toda a miña vida para queixarme, para berrar, para dicir “quérote” ou o sempre útil “vaina rañar” que moitas veces viña a poñer punto e final o quérote previo.

É imposible non terche cariño, como non cho vou ter se fuches o medio de expresión de quen tanto quería e xa non está. Cada vez que retomo na miña memoria a súa voz estas ti. Papá nunca usaba o castelán, pero non por conviccións ideolóxicas (trapalladas para el), nunca o usaba porque se notaba raro, alleo. Lembro as visitas do tío dende Canarias, un galego de pro pero que despois de máis de 30 anos na illa xa lle custaba falalo e como te sentabas ao seu carón, sorrindo (canto o querías!), pero sen dicir palabra... Como se el no te fose entender na lingua na que pelexabades de cativos.

Só por iso, por ser o banda sonora dos momentos felices da miña infancia.. é imposible non quererte, non falarte e non respectarte.

13. DA TERRA QUE ESTAMOS FEITOS

Quedas en nós!

Cando me fun era una nena insensata que non valoraba a lingua, xa que as palabras saían soas e non costaba pensar nelas. Durmiron 30 anos acochadas no meu ventre. Non as esquecín, só as silencie. En Castela, aprendín a obsesionarme pola lingua de Cervantes e, despois, por iso do amor à arte, pola de Pessoa. E fun bilingüe sen me decatarse de que xa o fora de nena e que, o portugués, era a miña lingua terceira.

Houbo un tempo para todo, pero o que nace contigo, o que crece contigo, nunca se esquece. Así que, despois de 25 anos nesa terra cha de alongados horizontes, o ventre empezou a ferver e apertouse un sentimento de ausencia e morriña dentro. Relín, entón, na miña segunda lingua, na verdadeira, volví a soñar con o Suso de Ferrín morto no Barbaña, con o mar que me mollaba nos veráns da infancia e con ese cheiro a humidade e fumo que esquecera.

Hai 2 anos que estou, de novo, nesta casa con lingua propia e cor imposible de pintar nunha vida.

E esta lingua segue viva e o seguirá sempre, mentres non esquezamos quen somos e de que terra estamos feitos.

Letras Galegas 2021



14. GALEGO

Quedas en nós!

O galego é unha lingua preciosa que fai que todos falemos nese idioma: Os paxaros, as persoas, os animais e ata o vento. Todo é feliz co galego porque cando el está con nós o mundo cambia enteiro. En Galicia o mundo enteiro canta, canta de alegría porque cando o galego está presente todo o mundo sorrí. Isto todo é marabilloso porque ao estar en Galicia e moi doado de oír nas praias, nos prados ata nos parques que están alí. Por onde andes en Galicia el estará alí, esperando a que todos o fagamos moi feliz.

Letras Galegas 2021



15. A LINGUA GALEGA É IMPORTANTE

Quedas en nós!

Todo empezou coa creación do galego,
unha lingua que non todos podían falar.

En Galicia a zona especial,
xa a sabían controlar.

Máis tarde,
empezáronse a crear libros.

Mestura de galego e portugués,

libros que xa sabía ler
ata o marqués!

Tamén a creación de cancións
moi importante debía aparentar.

Para que a nosa lingua,
empezara a medrar.

Letras Galegas 2021



16. A LENDA DO FEITICEIRO GALEGO

Quedas en nós!

Hai moito tempo un rei que quería ir a Galicia, necesitaba vacacións. Pero non podía porque estaba moi ocupado. Un día apareceu un feiticeiro que desexaba conquistarlle o reino. Así que púxolle un feitizo a todo o reino: convertíaos en animais. O rei enviou os seus gardas para loitar pero non servía de nada. O feiticeiro era moi poderoso. Era galego e ao rei encantaríalle ir a Galicia. Entón o rei propúxolle un trato: se o rei podía gobernar no reino de Galicia todo volvería á normalidade. O feiticeiro aceptou pero se non o conseguía converteríase nun animal.

Cando o rei chegou a Galicia deuse conta de que a lingua galega era moi importante ao menos para el. O rei decidiu volver ao seu reino, romper o feitizo coa poción máxica que encontrou na casa do feiticeiro e gobernou no seu reino.

Nos días de verán podía acercarse a Galicia e aprender o seu idioma.



17. ENTREVISTA A DON GALEGO

Quedas en nós!

- Bos días Don Galego. E vostede por aquí?
- Dando un paseo para estirar un pouco as pernas.
- Xa teño ganas de volver ao colexio para estudalo a vostede. Aínda que ségote usando.
- Séguesme falando? E onde?
- Pois na casa, nas clases online e no supermercado!
- Vexo que es un fiel falante do galego. E os teus pais tamén falan galego?
- Homeeee! Logo de quen o aprendería de pequeno.
- Oes, e ti sabes cantas persoas te falan?
- A ver que penso ... pois creo que eran 2.4 millóns de persoas. Aínda que penso que cada vez son menos.
- Si, pero xusto agora tiveron unha idea para que volva a estar tan ben coma nunca.


Letras Galegas 2021



- E cal foi?

- Mm, pois é facer un concurso no que un montón de nenos e nenas fagan un escrito sobre o galego, o que pensan del e como o ven iso. Agora voume antes de que se me esqueza. Ata logo.

- Que gañas de facelo estareino a esperar. Adeus!



Letras Galegas 2021



18. O GALEGO

Quedas en nós!

O galego é unha lingua preciosa, a moita xente gústalle e a outra non tanto. Hai xente que fálao ben e outra non mi ben que digamos. A miña nai fárame galego e eu tamén o falo: as dúas xuntas cantamos en alto .A min encántame o galego é precioso. A miña amiga non o fala, non lle gusta tanto pero igualmente as veces fálao.

E todos felices cantamos e falamos galego.

Letras Galegas 2021



19. O GALEGO

Quedas en nós!

O galego e o idioma que falamos, é unha lingua que nos gusta escoitala e falala. Antes non se podía falar nin escribir en galego e se o facías mandábante preso para o cárcere. Agora mesmo case todas as persoas que naceron en Galicia saben falar o galego, pero hai lugares onde non o saben falar.

Eu creo que deben de ensinala por todo o mundo nos colexios para todo o alumnado tanto infantil como xuvenil para cando sexamos maiores poder ensinarllo aos máis xoves. Para nós falalo e fácil pero a outras persoas resúltalles moi complicado. Cando Xa o tes moi escoitado as palabras sáenche soas. Creo que temos moita sorte de ter unha lingua que nos representa tan bonita como é o galego .

Letras Galegas 2021



20. O GALEGO

Quedas en nós!

O galego é a nosa lingua, a lingua que representa a todos nós os galegos e galegas.

O galego é miña lingua favorita, eu falo en galego no recreo e cos meus amigos porque nos vivimos en Galicia e temos que falar galego.

O galego é tan precioso que en Portugal falan parecido a nós, á nosa lingua.

Hai algo que eu teño moi claro que sempre vou falar galego : a nosa lingua!

Letras Galegas 2021



Quedas en nós!

21. O GALEGO É MUNDIAL

O galego e un idioma moi importante e creo que teríase que aprender por toda España.

Pero cada vez hai xente que deixa de falar galego entón: por favor nenos e nenas falade galego para que nun futuro o falen todos!

Letras Galegas 2021



22. O GALEGO

Quedas en nós!

Galego fermoso

galego adorado

língua que sempre

está ao meu lado

que o fala ata o neno

que está sentado

da casa do meu lado.

Letras Galegas 2021

O galego e doado

só que para outras persoas

pode ser malvado.



23. QUERIDO MESTRE

Quedas en nós!

Supoño que a nosa lingua é o galego, pero os que máis o falan case sempre son vellos ou xente de aldea, eu penso que todos os que vivimos aquí non so deberiamos entender este idioma, senón falalo.

Pero todo o mundo é libre de falar o que queira, non? Enriba ninguén pode obrigar a ninguén a falar galego porque eu queira.

Agora ti proposme escribir esta redacción en galego, non é que me opoña, pero por mais que nos obriguedes a escribir e falar en galego nas clases, cada quen vai a facer o que queira, porque, creo que o esencial é o que falen os amigos e as familias, porque en realidade son as persoas cas que máis tempo pasamos.

Eu quero que se fale en toda Galicia, pero para iso habería que cambiar moito a mentalidade dos que a habitan.

Para que medites un pouco a miña opinión,

A túa alumna de sempre.

Letras Galegas 2021



24. O GALEGO É UN IDIOMA FANTÁSTICO

Quedas en nós!

Fálao toda a xente galega. E un idioma fácil de aprender porque é parecido ao castelán e ao portugués. Así que calquera persoa pode aprendelo sinxelamente. O acento galego si que é difícil de aprender: usar ben as vogais abertas e pechadas e colocar ben os pronomes.

Cando o dominas é marabillosos ir falando por toda Galicia ese idioma con calquera persoa: Todo son vantaxes e non hai desvantaxes!

Letras Galegas 2021



25.

Quedas en nós!



En Galicia fálase galego, un idioma bonito que só se fala aquí.

Letras Galegas 2021



26. A NOSA LINGUA

Quedas en nós!

Para Aixa,

Ola Aixa, xa fai tempo que non te vexo, pero hoxe quería falarche, da marabillosa lingua galega.

Esta lingua, é moi interesante, cando me mudei a Galicia, vin que a xente falaba coa lingua galega todo o tempo.


A xente, familias... todo o mundo falaba galego ,e, o que eu sigo crendo e cría, é que a xente galega falando ese idioma era feliz, era... a súa forma perfecta de comunicarse entre as persoas de aquí.

Pero... do que eu non me daba conta, era que, o galego, era a miña nova forma de comunicarme, e sobre todo, formar parte, de ser unha nova galega.

Bicos

27. O GALEGO

Quedas en nós!



O galego e un idioma fenomenal
fálao a xente en Galicia,
de maneira normal.

Letras Galegas 2021



28. A LINGUA GALEGA

Quedas en nós!

Antigamente non existía o reino de Galicia estaba no reino de Castela León. Cando se formou o reino de Galicia case toda a xente viña a ver o camiño de Santiago nas escolas e nas universidades fálase galego.

Actualmente moita xente mestura o galego co castelán. A lingua galega é moi creativa e divertida. Moita xente pensa que falar galego non vale para nada pero se parades: falar o galego e marabilloso. Eu estou moi contenta de vivir en Galicia e falar galego.

Letras Galegas 2021



29.0 TRASNO GALEGO

Un trasno quería ir xogar

pero respondeu a nai:

Non, que é moi tarde,

mellor vamos para o fogar

O trasno resistía,

pero chegou unha brisa fría

e contestoulle a nai.

Quedas en nós!

Vente para o fogar


que senón vouche zoupar.

O trasno fíxolle caso

e volveu para a casa enfadado.

O trasno estaba tocando o violonchelo

e con esa música inventouse o galego!



Letras Galegas 2021



30. O NOSO GALEGO

Quedas en nós!

Ola son un neno que teño 10 anos vou en 5º de primaria e teño que facerche unha pregunta.

- Cantos anos tes galego?

Eu sempre vou o teu idioma, espero que acabe o Corona virus para quitar as máscaras e volver a ver as caras alegres dos demais.

Espero que cumpras moitos máis!

Letras Galegas 2021



31. UXÍA

Quedas en nós!

No 1788 en Ferrol naceu unha rapaza chamada Uxía. Nesa época en Galicia non se podía falar galego a quen falaba galego metían no cárcere ou matábano .

A esta nena dende a súa infancia os seus pais ensinábanlle galego sen que ninguén se decatara. Ademais de non poder falar galego, as mulleres non tiñan dereitos; tiñan que facer as tarefas do fogar e non podían ir á escola.

Cando medrou converteuse en arquitecta, bióloga e escritora pero como escribía en galego e seus libros, eran anónimos .


Viviou en Francia varios anos e construíu un monumento moi famoso chamado Torre Eiffel.

De volta en Galicia escribiu moitos libros, todo ía ben ata que descubriron que era ela a que escribía en galego, pero tamén descubriron que moita xente lía os seus libros .

Quedas en nós!

Grazas a esta muller agora podemos falar galego sen problemas e as mulleres xa case teñen os mesmos dereitos que os homes.

Este conto narra unha historia que ben podería ser certa e que explica que o galego e unha lingua que debe ser falada como o castelán ou o francés. Ademais ensina que as mulleres e os homes deben ter os mesmos dereitos.



Letras Galegas 2021



32. MEU GALEGO MEU GALEGUIÑO.

Quedas en nós!

Quérote coma un periquiño.

Eres o mellor do melloriño

só o galego é bonitiño.

É a lingua de Pepiño

E tamén de Manoliño.

Será o meu cariño

Letras Galegas 2021

Que o quero moito moitiño



33. O GALEGO É BONITO

O galego
Quedas en nós!

é divertido.

O galego é
o meu preferido.

O galego sempre
estará de pé
como o arco da vella

moi colorido
Letras Galegas 2021

bonito bonitoño



é o galeguiño.

34. OLA SEÑORA ADELA

Quedas en nós!

que xa sabe que son o señor galego. Eu estou desaparecendo e necesito da túa axuda urxentemente. Ultimamente o señor Castelán estame facendo sombra e case ninguén fala a lingua de aquí: O galego.

Se ti falas o galego ao mellor tamén o empezan a falar máis persoas, ti que pensas?

Eu penso que se lle damos importancia ao galego conviviremos con dous idiomas fantásticamente porque os dous teñen a mesma importancia.

Podemos pensar que o castelán parece máis fino e o galego máis raro, pero é mentira: Que ben soa o noso galego. Con isto chego ao final e espero que penses en todo isto que che contei, Temos que loitar pola nosa lingua, así que. Axúdasme?

Agradézocho moito.

Moitas, moitas grazas!

Letras Galegas 2021



35.OLA SEÑOR GALEGO:

Quedas en nós!

Eu son unha nena que vive en Vedra.

Sempre te utilizo, por exemplo: na casa, na escola, nos bares, cando xogo cos meus xoguetes, etc. Xa sei que sabes todo isto, pero vouche contar a historia de cando o galego estaba prohibido.

Cando non se podía falar galego os escritores que o escribían, tiñan que emigrar a outro lugar a escribir as súas obras. Tamén meteron a moita xente no cárcere por falar a túa lingua. Quero que saibas que es o meu idioma preferido e que non te cambio polo castelán.

Bueno, xa me despido. Espero que che gustase que che escribise.

Agardo ansiosamente que me contestes

Un bico moi grande.

Letras Galegas 2021



36. OLA MEU GALEGUIÑO:

Quedas en nós!

Eu son un neno de 4º de primaria que vive en Santa Cruz de Ribadulla. A miña lingua natal é o castelán, aínda que na miña familia falen galego constantemente.

As dúas linguas son iguais, eu voume esforzar porque a min gústame falar en galego pero non estou acostumado. Eu prométoche que a partir de hoxe falarei galego un pouquiño máis.

Ata pronto

Un bico

Letras Galegas 2021



37.0 GALEGO

Quedas en nós!

O galego é un idioma moi antigo pero moi loitador. Houbo anos nos que o galego estaba prohibido e persoas seguían escribindo. O escritores e poetas inventaban regras de ortografía porque aínda non existían. O galego era un idioma moi pobre. O galego foi medrando e medrando ata hoxe que é un idioma importante que se estudia nas escolas galegas. É un idioma fantástico dunha marabillosa terra. Temos sorte de telo e ogallá siga medrando máis e máis!

Eu creo que o galego ou calquera outra lingua da península debería estudarse en toda España coma o castelán.

Letras Galegas 2021



38.

Quedas en nós!

Había unha vez unha nena que vivía en Santa Cruz de Ribadulla, nun piso cos seus pais. Dende que naceu, falou o galego e nunca, nunca deixou de falalo. Unha vez atopouse cun neno que falaba Castelán. Ela viu que só falaba castelán e non se esforzaba nada en falar galego.

Xiana un día decidiu quedar para ensinarlle a falar o galego así que decidiron practicalo unhas cantas horas todos os días , e de tanto practicalo comigo aprendeu a falalo moi ben.

Así que dende aquel día, decidiu usar a lingua da súa comunidade porque lle gustaba e lle estaba a dar máis valor.

Letras Galegas 2021



39. OLA MEU GALEGUIÑO

Quedas en nós!

Son un neno de 4º de primaria do CEIP Ortigueira, e quería dicirche que es a miña lingua preferida. Toda a vida me aprenderon a falarte, e agora fálote con toda a miña familia e sempre te falarei.

Seguro que xa o sabes pero voucho contar. Unha vez discutín cunha nena da miña clase que dicía que o castelán era mellor que o galego. Eu defendinte todo o que puiden e defendereite toda a miña vida.

Espero que todos fagan o mesmo ca min.

Ata logo meu galeguiño.

Letras Galegas 2021



Quedas en nós!

40. GALEGUIÑA E O SEÑOR GALEGO

Érase unha vez unha nena chamada Galeguiña que vivía coa súa nai chamade Erea e a súa mascota chamada Mimi.

Vivía nunha aldea pequeniña onde tamén vivía o señor Galego.

Un día atopáronse e Galeguiña díxolle:

- Ola Galeguiña!

E Galeguiña respondeulle en castelán:

- “¡Buenos días señor Gallego!”

E el contestou:

- Por que falas en castelán se te chamas Galeguiña?

Letras Galegas 2021



Concello
de Vedra

Quedas en nós!

E ela respondeulle:

- “Es que no sé falar galego”.

E díxolle:

- Eu ensinareiche a lingua galega.

E pasaron días e días e Galeguiña aprendeu a falar galego correcta e habitualmente grazas ao señor Galego.

Letras Galegas 2021



Quedas en nós!

41. QUEDAS EN NÓS!!

Non sei pensar noutra lingua...


Non quero falar doutro xeito!

Cústame mirar cara diante doutra forma.

Chámame a atención que case sempre que falamos do galego o fagamos en pasado...

Eu quero que mocee co futuro, co posturoe, coa rapazada nos parques... xa que nas corredoiras non pode ser.

Quero que mole tanto como me mola a min!... Que viva en cada casa e fóra delas, quero querelo por e para sempre!!



Letras Galegas 2021

